




# FISGAS DE ERMELO

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 5 a 8 km  
**Dificultade:** media  
**Duración:** 2-3 horas



As fervezas máis altas de Portugal, no río Olo, un afluente do Tâmega que nace preto de Lamas de Olo (serra de Alvao) e, á altura de Fojo, precipitase nunha fenda do relevo nun estreito e fondo canón de máis de 200 m de altura de xistos, lousas e cuarcitas.

COMO CHEGAR: saíndo de Mondím de Basto e seguindo os indicadores "Fisgas de Ermelo" chegamos á capela de Fojo e polo cruce da dereita, indicado, ao aparcamento e miradoiro. Desde alí temos a primeira vista dun tramo das fervezas (chamadas quedas na zona) ás que as imaxes non fan xustiza. A pesar do seu gran tamaño sempre semellan pequenas no medio daquel impresionante canón. Para ver outros tramos hai que camiñar seguindo a pista que sube ao monte. Na parte alta collemos o desvío da dereita que se achega ao río e ao pouco tempo volvemos a ver o río, as pozas e os saltos da parte alta. Para poder ver a ferveza grande hai que cruzar o río e seguir o camiño pola outra beira do canón. Para isto hai dúas opcións: seguir a pista principal e vadear o río, ou cruzalo da maneira que mellor se poida (hai un pasos de pedra que se o río leva moita auga están cubertos), ou dar un rodeo collendo o desvío á esquerda que nos leva a Varzigueto onde podemos cruzar o río e seguir ata o lugar onde se ven as fervezas. Na subida a Fojo, á dereita da estrada, hai un cartel que indica as Plocas de Baixo (1,6) km a pé, un conxunto de pozas con escorregadeiras no fondo do canón do río.

